

e, de ser o caso, os membros da Comisión Delegada que autorice a presidencia, así como os delegados/as dos Reitores na CIUG.

O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpran as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da parte obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará Non Presentado (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0.

## 5. MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO

### **Material de debuxo, pintura e complementario**

▪ Para os exames que impliquen deseño, debuxo técnico ou artístico e técnicas gráfico-plásticas poderá utilizarse o material indicado nas circulares, directrices e orientacións dos respectivos Grupos de Traballo.

### **Dicionarios**

▪ Exame de Latín II. No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, sempre que formen parte orixinal e inseparable dos dicionarios. Con todo, non se permitirán as páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.

▪ Exame de Grego II. No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de **grego-español/galego** incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

### **Calculadoras**

- Poderase utilizar a calculadora nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Ciencias Xerais, Física, Química, Empresa e deseño de modelos de negocio e Tecnoloxía e enxeñaría.
- Permitirase usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.
- Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que a calculadora é programable ou con capacidade gráfica, estarase ao disposto nos puntos 6. MATERIAL NON PERMITIDO e 7. COPIAS E SANCIÓN S.

## 6. MATERIAL NON PERMITIDO

Non está permitido na aula ningún tipo de reloxo, dispositivos que emitan ou reciban radiofrecuencias, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados pola CiUG por razóns médicas de xeito individual, na correspondente resolución á solicitude de adaptación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

Os/os vogais das comisións delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo estes dispositivos electrónicos, agás as calculadoras non programables e sen capacidade gráfica permitidas.

## 7. COPIAS E SANCIÓN S

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido no posto de exame, copiando ou non respectando estas instrucións será motivo de medida disciplinaria. Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán e que poden implicar a anulación total das súas probas da ABAU.

## Décima PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓN S

As cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas en Nerta o día 13 de xuño para a